



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA
DEZANOVE DE FEBREIRO DE 2020, CON CARÁCTER ORDINARIO**

SRES/AS ASISTENTES:

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros/as	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO
	D ^a . MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA
	D ^a . DIANA VARELA BARREIRO
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
	D. JOSÉ CALDELAS GONZÁLEZ
	D ^a . MARÍA BEATRIZ AMENAL JUNQUERA
	D ^a . RAQUEL SANGIAO DURÁN
	D. CARLOS GARCÍA CUTRÍN
	D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ
	D ^a . YOLANDA VIEIRO CEBEIRO

Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO
------------	----------------------------------

Na Casa do concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos do día dezanove de febreiro de dous mil vinte, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, de actas de sesións anteriores. (29/01/2020)

Dáse conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e nove de xaneiro do ano que andamos, que logo de facer a corrección que deseguido se indica, apróbase por unanimidade dos asistentes:

Onde di: “A empresa Atendo Calidade, S.L. é a adxudicataria do servizo dende o 29/08/2019” debe dicir: “A empresa Atendo Calidade, S.L. é a adxudicataria do servizo dende o 29/08/2017”.

2º.- Toma de posesión de don Carlos García Cutrín como concelleiro da Corporación, en substitución de don Ramón Manuel Lago Lestón, do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE.

Vista a credencial de concelleiro expedida pola Xunta Electoral Central con data 28 de xaneiro, recibida no Concello o 31 de xaneiro, a favor de don Carlos García Cutrín, en substitución de don Ramón Manuel Lago Lestón, por renuncia do mesmo ao citado cargo.

Visto que polo interesado se presentou a preceptiva declaración sobre causas de posibles incompatibilidades e actividades, así como a declaración de bens patrimoniais,



de conformidade co establecido no artigo 75.7 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, sen que exista causa algunha de incompatibilidade ou impedimento.

Logo de prestar promesa segundo o disposto no artigo 108.8 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, baixo a fórmula establecida no artigo 1 do Real Decreto 707/19679, do 5 de abril, toma posesión do seu cargo como concelleiro do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, ocupando a vacante, por renuncia, de don Ramón Mamuel Lago Lestón.

A Presidencia dálle a benvida á corporación municipal.

3º.- Aprobación se procede, do procedemento e prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán a adxudicación da obra incluída no proxecto *Modificado de Colectores Xerais e EDAR de Vedra –Vedra (A Coruña) (POS +2019- Préstamo)*

Dáse conta do informe da comisión informativa de economía e especial de contas do día 17/02/2020 na que o Pleno do Concello en sesión extraordinaria –urxente celebrada o día 01 de abril de 2019 acordou solicitar a inclusión da obra de *Colectores Xerais e EDAR de Vedra . Vedra (A coruña)* no POS + 2019-Préstamo (plan único de concellos) e aprobar o proxecto técnico redactado polo enxeñeiro don César del Río Tapias, cuxo orzamento ascende á cantidade de 499.485,65 euros.

Con data 26 de abril do citado ano o Pleno da Deputación Provincial aprobou o citado plan, condicionando a aprobación definitiva da citada obra a contar cunha serie de autorizacións doutros organismo (Augas de Galicia e Servizo de conservación da natureza), así como ao informe de supervisión técnica favorable do citado proxecto.

Logo de contar coas autorizacións pertinentes e de corrixir o proxecto, incluíndo as modificacións técnicas propostas pola Deputación, que non afectaban nin ao trazado orixinal nin ao seu orzamento, polo Pleno do Concello en sesión ordinaria celebrada o pasado 21 de xaneiro, aprobou o *Proxecto modificado de Colectores Xerais e EDAR de Vedra. Vedra (A Coruña)*.

Visto que de acordo coa Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE (LCSP 2017), o órgano de contratación é o Pleno ao superar o seu valor estimado o 10% dos recursos ordinarios do orzamento.

Completada a documentación requirida pola Deputación Provincial, de conformidade co disposto no artigo 116 da LCSP 2017, propónse ao pleno:

Primeiro:- Iniciar o expediente de contratación da obra incluída no *Proxecto modificado de Colectores Xerais e EDAR de Vedra. Vedra (A Coruña)* mediante procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), de acordo co prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que rexerán a contratación das obras incluídas en plans provinciais e outras obras provinciais , aprobado polo Pleno da Deputación en sesión celebrada o 27/04/2018 (BOP núm. 82/18, do 2 de maio).



Segundo.- Aprobar os Anexos I, II, III, IV , V , VI e VII do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Designar como Mesa de Contratación aos membros da Mesa de Contratación Permanente do Concello.

Cuarto.- Delegar na Xunta de Goberno Local todas as actuacións do Pleno como órgano de contratación.

Quinto.- Facultar ao Sr. Alcalde –Presidente do Concello para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, di que no último pleno solicitoulles ao Sr. Secretario e á Presidencia que os advertiran se existía, posto que había unha modificación superior ao 10% do orzamento do proxecto, un prazo para a presentación de alegacións ou reclamacións e aínda non lle contestaron.

Reitera a pregunta de cal é a modificación sobre o proxecto e se existe un novo prazo de reclamacións ou alegacións sobre ese proxecto.

O Sr. Secretario di que en principio non, xa que non houbo tal modificación. De todos os xeitos pode presentar alegacións ao mesmo se o considera oportuno.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, responde que as alegacións a un proxecto teñen un prazo de presentación. Primeiro son as alegacións e logo os recurso ou reclamacións.

A Presidencia di que no último pleno o Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, dixo que votaría en contra por varios motivos:

1º.- Porque a EDAR non está ben dimensionada.

2º.- Porque esta EDAR é o resultado de ter anulado a de Ribeira.

3º.- Porque non se lles consultou aos veciños a situación. Estará a menos de 100 metros das casas da aldea e só teñen que pasar por Neira para saber como cheira debido a un mantemento defectuoso cando é verán.

Se queren facer nese espazo unha depuradora teñen que facela nunha cápsula e terán o voto do grupo do BNG-AA a favor.

Di que leva dous meses preguntando se faláron cos veciños e na última comisión dixeron que non era preciso.

Pregúntalle á Presidencia se poñería unha depuradora a 70 m. da súa casa ou da casa dun familiar. Di que o que non queira para el non o queira para os veciños de Bazar.”

O Sr. Secretario dille ao Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, que ten a súa propia teoría sobre o procedemento administrativo e é moi libre de aplicala. Se quere presentar alegacións, que as presente.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que o seu grupo vaise abster, xa que queren levar a obra adiante para dotar aos veciños de Vedra de saneamento.

Por outro lado, non entenden porque nas bases non se puntúa o prazo de execución da obra e non están de acordo con esa modificación que fan.

Intervén o Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, para dicir que o seu grupo vai votar en contra polos mesmos motivos cá última vez, xa que non lle parece xusto poñer unha depuradora a 75 m. dunha casa e a 200 m. dunha aldea.



A Presidencia dille ao PSdeG-PSOE, que son os pregos tipo da Deputación. No tema dos criterios de valoración teñen unha pequena marxe no aspecto das puntuacións, dentro dos baremos que a propia Deputación establece.

Hai un tema que estaba dando problemas noutros concellos, como era a puntuación na redución de prazos, xa que nunca se cumprían. Iso xeraba despois alegacións por parte doutras empresas que quedaban excluídas do concurso. O grupo de goberno decidiu non valorar ese criterio de redución de prazos.

Posta a votación, apróbase con oito votos a favor do PP, dous votos en contra do BNG-AA e tres abstencións do PSdeG-PSOE.

4º.- Moción do BNG-AA para a creación do conservatorio profesional de danza en Santiago de Compostela.

Solicítase a urxencia deste punto que se aproba por unanimidade dos asistentes.

Dona Yolanda Vieiro, do BNG-AA da conta da citada moción destinada a xestionar coa Xunta de Galicia a colaboración necesaria para implantar un Conservatorio Profesional de Danza en Santiago de Compostela, na que expoñen que existe unha gran demanda para a súa creación para a formación, no dominio técnico e artístico, que permita o acceso ao alumnado ao ámbito laboral con cualificación de acordo cos decretos que regulan este modelo de ensino.

Vista a importancia que tería para a comarca un centro destas características, xa que lle permitiría á poboación formarse preto da casa, e chegar á poboación que, por circunstancias económicas ou sociais, non podería achegarse a este tipo de formación, solicitan o apoio do Pleno para aprobar o seguinte acordo:

1º.- Apoiar ao Concello de Santiago de Compostela na creación do Centro solicitando unha mesa de diálogo con todos os concellos da contorna para buscar o emprazamento máis axeitado.

2º.- Solicitar o apoio da Xunta de Galicia á iniciativa.

A Presidencia di que están de acordo coa moción e que votarán a favor. Nunha xuntanza que mantivo co Alcalde de Santiago hai un mes e medio, aparte de trata outros asuntos, estaba receptivo con este tema e polo labor de que a mancomunidade de Compostela puidera ser un bo foro de debate para este tema.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, anuncia o voto a favor do seu grupo.

Posta a votación a citada proposta, apróbase por unanimidade dos asistentes.

4º.- Moción sobre problemática do sector do transporte de viaxeiros presentada polo BNG-AA.

Solicítase a declaración de urxencia deste punto, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

De seguido dáse conta da citada moción presentada polo BNG-AA sobre da problemática do sector do transporte de viaxeiros.



As empresas Viajes Peillet, S.L e Autocares Mougán, S.L, mediante a presente moción solicitan o apoio e expresan a problemática do sector de transporte de viaxeiros para ofertar as diferentes fases de licitación do Plan de Transporte Público de Galicia levado a cabo pola Dirección Xeral de Mobilidade.

As micro Pymes de transporte de viaxeiros están fortemente arraigadas no territorio, sendo parte da estrutura empresarial e do tecido económico do rural galego dende hai máis de sesenta anos. O noso rural non se entende sen a participación destas empresas, fortemente coñecedoras do entorno, dos problemas e necesidades do rural, sendo en moitos casos a corda á que moitos veciños se agarraron en épocas difíciles do noso pasado máis recente.

A participación destas micro Pymes no concurso de adxudicación das novas liñas de transporte definidas no proxecto de servizos (en particular, o concello de Vedra está afectado polos proxectos XG-707, XG-817 e XG-860) tendo en conta a definición de servizos e o tamaño dos lotes, fai imposible a participación en igualdade de condicións coas grandes empresas nacionais de transporte de viaxeiros.

Os grandes operadores actúan sobre as micro Pymes facéndolles dumping empresarial e obrigándolles a asumir unhas condicións tan extremas que non só fan inviable o negocio, senón que arruinaría ás familias nuns meses, obrigándolles a asumir uns custes sen posibilidade de amortización.

O resumo da situación é o que segue:

1º.- Non poden presentarse á licitación por falta de solvencia.

2º.- Non lles queda outra opción que concorrer en UTE con grandes operadoras que non os necesitan, pois por si mesmas son capaces de cubrir sobradamente os requisitos de solvencia. De participar na UTE, son simplemente compañías innecesarias, prescindibles.

3º.- A oferta de integración que fan dende a UTE é tan agresiva que (a tenor do acontecido na primeira fase de adxudicación) levará á quebra á gran maioría das compañías que acepten.

En Vedra, máis de vinte e cinco familias dependen destas empresas, e a súa desaparición suporá unha dubidosa subrogación á nova UTE (a tenor do xa acontecido na primeira fase, onde algúns traballadores foron subrogados e outros non), en todo caso as condicións laborais veranse fortemente condicionadas polas novas necesidades produtivas das novas concesionarias.

Consentir a concentración das concesións de pasaxeiros (ordinaria e de colexios) de todo o país en mans de dous ou tres grandes operadores de transporte é un erro histórico que fará máis ríxido o sistema e permitirá a estas grandes corporacións dotarse dun monopolio de facto, que progresivamente redundará nun peor servizo e no abandono das liñas máis deficitarias a favor das máis beneficiosas. É, en resumo, a ferramenta perfecta para avanzar no baleirado do rural.

É por iso que solicitamos ao Pleno do concello de Vedra que aprobe a seguinte moción:

1º.- Solicitarlle á Dirección Xeral de Mobilidade, da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia a inmediata paralización do concurso de adxudicación dos proxectos de servizos de transporte interurbano.

2º.- Solicitarlle á Dirección Xeral de Mobilidade, da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia que reciba a unha representación destas micro pymes, coa finalidade de renegociar a sectorización dos paquetes para permitir a participación das pymes e micro pymes nos mesmos.



3º.- Publicar este acordo plenario en medidos de difusión en soporte papel.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, a asociación de pequenos empresarios de transporte público presentou unha alegación ao procedemento de concurso das novas concesións de liñas de transporte interurbano e o xuíz solicitou unha paralización provisional de dez días.

Solicita o voto a favor da citada moción.

A Presidencia puntualiza que no que se refire ao transporte en Vedra, Conchi fixo un traballo excepcional pero que non foi ela soa, senón que tamén traballou a reo nese tema o Alcalde. Se sae un proxecto de transporte metropolitano en Vedra que vai transformar totalmente o concello é grazas ao traballo conxunto dos concellos de Teo e Vedra.

A Presidencia di que está de acordo co que presentan na moción, e que ten falado con esas dúas empresas e tido reunións na Consellería sobre este tema e ata onde chega o poder do Alcalde, traballou para defender estas empresas.

Matiza que falan na moción de dúas empresas e queda unha terceira, na que cre que ambos teñen a mesma dúbida.

Intervén o Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, para dicir que esa empresa, teoricamente ten un preacordo. A concesión prodúcese en fases, e estas empresas que foron en UTE coas grandes empresas, practicamente desapareceron. Agora mesmo, un ano despois, moitas delas quebraron e outras abandonaron.

A Presidencia está de acordo e comprende a preocupación, enfado e indignación destas empresas.

A Presidencia contesta que non ten problema en enviar aos medios de comunicación escritos este acordo e en seguir apoiando a estas empresas.

Intervén dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, para dicir que tiveron pouco tempo para consultala e aínda así están de acordo coa mesma, polo que van votar a favor.

Posta a votación apróbase por unanimidade dos asistentes.

5º.- Dar conta do Período Medio de Pago a provedores do 4º trimestre de 2019.

Dáse conta do Período Medio de Pago a provedores do 4º trimestre de 2019 que é de 24,36 días.

6º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.

-- Ás preguntas formuladas por dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

-- Respecto das augas pluviais que non se deben verter á rede, di que sairá no próximo boletín municipal.

-- Sobre os criterios para ceder os locais municipais, di que fixo unha serie de conclusións coas que non está de acordo.

Este ano para ese tipo de eventos particulares creouse un formulario específico que ademais dos datos identificadores do solicitante contén a seguinte información:



SOLICITO autorización para uso do local municipal _____ no lugar de _____, parroquia de _____, o vindeiro día _____ de _____ do ano _____ ao tempo que FORMULO DECLARACIÓN RESPONSABLE de que a actividade que pretendo realizar no dito local municipal trátase dunha celebración de tipo familiar para _____ considerando que ao dito evento asistirán aproximadamente _____ persoas.

Así mesmo, comprométome a velar polo correcto uso das dependencias, á súa limpeza, a limitar a entrada no local de toda persoa allea, a comunicar calquera anomalía detectada no local e a asumir os gastos por calquera dano do que sexamos responsables.

Por outro lado di que todos os locais municipais teñen seguro de RC.

Aproveita para contestar a dona Yolanda Vieiro, do BNG-AA, que só tres casas de cultura (San Miguel, Trobe e San Xián) son as que teñen un espazo que se adapta a facer este tipo de eventos particulares.

-- Sobre a liña de datos da casa do concello, xa está contestada.

-- Respecto a reparación dun bambán no parque infantil de San Fins e a revisión do resto dos parques, di que toman nota.

-- Sobre unha resolución da Alcaldía denegando copias de facturas, di que é unha opinión que non comparte.

-- Respecto a unha factura cun importe de 11.979 € a Vilarpiñeiro S.L., por escultura de camelia xacobeá, di que si é a empresa de Cándido Pazos. Aclara que non subiu ao palco na Festa do porco en Trobe para facerlle un mitin ao PP. Esa persoa subiu ao palco porque era o pregoeiro da festa. Foi a comisión, non o Alcalde, quen falou con el para que fora o pregoeiro. Ninguén sabía o que ía dicir o pregoeiro e en oito anos que leva na Alcaldía nunca lle preguntou a ningún pregoeiro o que ía dicir e moito menos lle dixo a ninguén o que tiña que dicir. En conclusión, son falsas todas e cada unha das afirmacións que fixo na pregunta.

-- Sobre a factura por un importe de 1.270 € a Castro Fernández, Adolfo por atención do centro sociocultural, contesta que a persoa encargada do local da terceira idade tivo un accidente, e mentres non se resolvía a súa substitución tívose que cubrir ese servizo a través dunha empresa externa.

-- Respecto a se é oportuno contratar de operario a un concelleiro, di que é unha opinión que non comparte.

-- Ás pregunta de dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

-- Respecto ás irregularidades na transparencia das Xuntas de Goberno de cara aos veciños, di que xa están colgadas na páxina web municipal. Di que fai unhas acusacións graves contra o equipo de goberno de forma temeraria e que non llas admite. A primeira proba de que non se oculta información é que a todos os concelleiros e concelleiras do grupo de goberno e da oposición se lle pasa a relación de facturas para o seu coñecemento e control.

Recoñece que houbo catro Xuntas de Goberno nas que non se publicaron as relacións de facturas, pero foi un erro non intencionado e que xa están todas publicadas. Dende hai unhas Xuntas de Goberno as relacións de facturas van nun anexo e ninguén se deu conta de que non se estaban colgando na web eses anexos.

-- Sobre os servizos de taxi para acudir ao centro de saúde, a Presidencia contesta que foi un servizo que se puxo en funcionamento no anterior goberno do PSdeG-PSOE cando se pechou o consultorio de Santa Cruz. Estableceuse que 2 días á semana se



fixese o transporte dende o consultorio sobre as 09:00 horas e a volta ás 13:00 horas aproximadamente. Iso é o que existe hoxe en día.

Na lexislatura pasada o PSdeG-PSOE consideraba que era lóxico que houbera ese servizo dende onde había outro consultorio, en San Xián. A Presidencia considéraa unha petición lóxica. Este tema estivo aparcado e agora tomarán unha decisión sobre ese asunto.

-- Respecto da instalación dun ascensor na casa de cultura de Santa Cruz, di que efectivamente a solicitara no seu momento, pero o que instalou o goberno anterior do PSdeG-PSOE alí non foi un ascensor adaptado, senón que máis ben foi un montacargas. Os que están instalados na casa de cultura de Santa Cruz, na casa da estación, no pavillón e na biblioteca municipal, non son de apertura automática, senón manual, co cal unha persoa en cadeira de rodas non pode acceder a ese ascensor. Iso non é responsabilidade do actual equipo de goberno.

Están vendo o custe que tería poder adaptalos á normativa vixente e esperando polo informe de custes e viabilidade.

-- Sobre o tema do SAF cédelle a palabra ao Sr. Secretario, que di que fala dun escrito asinado polo Secretario municipal e puntualiza que non é un escrito como tal, trátase dunha resolución da Alcaldía. O secretario límitase a asinar a súa notificación, igual que todas as demais notificacións, sexan do Pleno o Xunta de Goberno. A estas alturas iso xa debería de estar claro, o Secretario non adopta ningún acordo, pero notifícaos todos, polo cal non entende a que vén o da sinatura.

En canto ao informe elaborado por esta Intervención que deu lugar ao expediente aberto á empresa Atendo Calidade, responsable do servizo de axuda a domicilio, en función do que se expón no propio informe, aclara o seguinte:

En primeiro lugar, non se trata de un expediente sancionador, non é una medida sancionadora, senón coercitiva, baseada no artigo 194 da Lei de contratos, e así se expón na resolución.

Dise na pregunta que Atendo é a adxudicataria do servizo dende o 29 de Agosto de 2017, e que polo tanto non era responsable dos incumprimentos de abril a xullo de 2017, pero se a isto lle engadimos, "...incumprimentos que subsisten en febreiro de 2018, segundo consta na Acta de Inspección da Xunta, e segundo tamén se desprende da contestación da empresa ao requirimento de 23 de novembro de 2018", entón entenderíase perfectamente. Cando se elabora un informe, na medida do posible inténtase ser conciso, xa que non se trata de escribir un libro, ou facer una versión "de correctione rusticorum", e é certo que case todo pode ser mellorable.

Non obstante, solicitaron o acceso ao decreto onde se acorda a penalización, e ao mellor non o leron co suficiente detemento, buscaron a opinión de alguén menos informado, e polo tanto non se fixaron no parágrafo da seguinte paxina que di, "Os proxectos de intervención de bastantes usuarios non estaban presentados en decembro de 2018", case ano e medio despois de asinado o contrato con Atendo.

Este dato refírese a uns incumprimentos concretos, pero hai outros varios, digamos que bastantes, fóra dos citados con esa data.

Non parece moi responsable pretender desvirtuar una cuestión obxectiva, en base a un dato anecdótico.

Recórdalle que o prego técnico en canto ao obxecto do contrato di: " O SAF ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio dende una perspectiva integral e normalizadora..." e fixa toda una serie de obxectivos.



Tamén establece quen son os beneficiarios, “... o servizo atenderá persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu hábitat inmediato...”

Así pois o obxectivo único son esas persoas, as máis débiles e sensibles, e iso é o que hai que protexer e do que se trata, pero ademais dende una perspectiva ampla e complexa que abarca moitos aspectos, mesmo preventivos. Todas as demais partes que interveñen no servizo teñen os seus dereitos lóxicamente, pero o que está por encima de todo, o principal son os dependentes.

Dito isto, e, en canto á opinión da representación sindical, e una boa nova que as auxiliares estean tan contentas coa empresa, segundo vostede, pero este expediente de penalización en concreto, se o len, fundaméntase sobre todo, por un lado, en protexer os dereitos dos usuarios, recórdalles de novo, que son a parte fundamental do servizo, e non teñen representación sindical. E, por outro lado, que a empresa cumpra coa oferta.

Tamén lle parece algo contraditorio, que mentres afirman que as auxiliares están moi contentas, soliciten o resultado dunha enquisa realizada a estas traballadoras, aínda que isto pode ser unha apreciación persoal.

Por último, en canto ao motivo da reclamación, ao ler o decreto terano claro. En efecto a empresa leva máis de dous anos, é posible que se o servizo tiña antes máis problemas e se foron mellorando, sería porque houbo reunións, informes e requirimentos ao respecto. As melloras non apareceron soas e de inmediato. En febreiro de 2018 está a acta de inspección da Xunta, e o primeiro requirimento formal data de novembro de 2018, como ben se desprende do informe; polo tanto non é agora, senón que xa vén de antes, de hai máis dun ano, pero ao contrario do que parece, non se quixo forzar á empresa, déronse uns prazos, insistíuselle, cambiaron a xerencia a mediados do pasado ano, volveuse a dar unha marxe, pero hai certas cuestións moi importantes, entre elas, os cursos que inciden nunha adecuada prestación do servizo, existindo queixas da parte principal do servizo, que son os usuarios. Eses cursos, ademais, foron valorados na oferta desta empresa, se non cumpre, sería un fraude para as demais, que por ese motivo non levaron a mesma puntuación.

En fin non se pode exercer una medida coercitiva sobre algo que aínda non pasou .

En canto á contía da penalización, 71.000 €, está fundamentada e argumentada. Se están en desacordo, correspóndelles a carga da proba, deben de xustificalo con argumentos concretos, non simplemente dar a súa opinión, que como tal, é respectable. Opinar por opinar, pódeno facer cada un dos concelleiros, pero isto non é una tómbola, se non hai argumentos non serve de nada.

Teñen o seu dereito a defender os intereses da empresa e demais, pero deben argumentalos cunha base real, isto é serio, e espera que a empresa si utilice argumentos.

A Presidencia di que no que se refire á posible renovación coa empresa ou un novo concurso é algo que está estudando o equipo de goberno e cando tomen a decisión darán conta da mesma.

-- Ás preguntas do Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, a Presidencia contesta:

-- Respecto ao epígrafe onde está inscrito o concelleiro González Couto, di que está no grupo de cotización como concelleiro, como cargo electo epígrafe de ocupación “D”.

Intervén o Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA para dicir que o ROF di que é incompatible traballar para un concello e ser cargo electo.



Intervén o Sr. Secretario para dicir que é a primeira vez que se lle dá este caso. Di que está correctamente establecido e non se atoparon con ningunha incompatibilidade.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, pregunta se en Vedra é compatible ser cargo electo e traballar para o concello. Di que outra cuestión é que un cargo electo realice a súa función como cargo electo para o que foi elixido, e outra ben distinta é que un cargo electo realice a súa función como padexeiro para o que non foi elixido. O padexeiro non se elixe polos veciños.

O Sr. Secretario di que se non está de acordo, ten que demostrar que iso non é posible e que el non atopou ningunha incompatibilidade.

Respecto a se unha persoa ao traballar para o concello de maneira continuada durante catro anos no mesmo posto de traballo crea algún tipo de dereito laboral, o Sr. Secretario contesta primeiro, que non é experto nesas cuestións; e segundo que hai sentenzas para todos os gustos. Hoxe por hoxe, ese concelleiro está actuando nunhas funcións concretas na súa calidade de concelleiro. Entende que cando termine o seu mandato, ao igual que os outros concelleiros que teñen dedicación exclusiva, non tiñan dereito a paro ata o de agora, e a esta persoa aplicaráselle o mesmo réxime. Ten os mesmos dereitos ca calquera membro da corporación.

Intervén de novo o Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, para dicir que o problema está cando un cargo electo realiza unha función para a que non foi elixido e ocupa un posto de traballo. Non é un cargo electo que realiza labores políticos para o mellor desenvolvemento da xestión municipal.

O Sr. Secretario entende a súa inquietude e di que non é unha cuestión que el poida resolver como secretario do concello, senón que teñen que ser outras instancias. Non ten xurisprudencia nin informes pos que basearse para dar unha opinión distinta.

No seu criterio, esta persoa está no concello en calidade de concelleiro, non como traballador da súa profesión. Polo tanto, na súa interpretación, cando termine o seu mandato como concelleiro, cesa en todas as cuestións ao igual cós demais concelleiros, que nin sequera teñen dereito a paro.

-- Sobre que o nodo da fibra óptica estea en Santa Cruz, di que é por cuestións técnicas. A predición que teñen é que ao longo do 2020 e 2021 chegue a moitas aldeas do concello.

-- Respecto do informe de garantía estrutural do edificio da casa de cultura de Santa Cruz, di que o van solicitar.

-- As preguntas de Yolanda Vieiro, do BNG-AA xa están contestadas.

7º.- Rogos e preguntas

-- Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- Respecto á humanización da vía DP 8203 ao seu paso polo concello, segundo fontes da Deputación de A Coruña, esta semana chegará ao concello unha carta dando



indicacións do procedemento a seguir para a cesión desa vía. De cara ao próximo pleno quixera saber se recibiron esa notificación e en que situación están os trámites xa que vai ser unha competencia que ten que asumir o concello.

2º.- Na última Xunta de Goberno Local hai unha Resolución da Alcaldía delegando no 1º Tenente de Alcalde, don Manuel Costa Carneiro, a adxudicación de contrato menor 2019/C002/000002 (adquisición de perforadora para o servizo de abastecemento de auga potable), a Droguería –Ferretería El Sol, S.L, por razón de parentesco. Solicita saber cal é o importe de dito contrato menor xa que non está colgado na web municipal e ver dito contrato.

3º.- Solicita o informe do resultado da enquisa que se lles fixo ás traballadoras do SAF.

4º.- Solicita ver o contrato que se lle fixo ao Sr. González Couto e pregunta cales son as funcións asignadas a dito concelleiro.

5º.- Solicita unha visita ás depuradoras do concello coa empresa que leva o seu mantemento e cun experto que explique o seu funcionamento e sexa capaz de responder as dúbidas que teñen.

A Presidencia contesta que xa falou con Viaqua e a principios de marzo realizarase esa visita. Roga que lle comuniquen cantas persoas por grupo van ir para que poidan ter preparado o vestiario axeitado para realizar a visita.

6º.- Respecto do asfaltado de pistas, hai un atraso considerable. Existen pistas pendentes de arranxar e outras que nin sequera están programadas. Teñen información de que a Xunta de Galicia vai rebaixar nun 30% os fondos para este tipo de obras, polo que o concello vai contar cun menos fondos e as necesidades son maiores. Pregunta que cantidade de cartos pensa dedicar a este servizo básico e se ten pensado contar coa oposición para valorar cales son as pistas que máis o necesitan.

Rógalle que se poñan xa co asfaltado, porque se esperan ao verán, cando saia a adxudicación, despois xa se menten no inverno e nesa época non se pode asfaltar.


7º.- Sobre á venda de madeira realizada en San Fins, a Presidencia dixo no pleno pasado que fora par cumprir coa Lei contra incendios. Cortouse parte da finca non só arredor da vía. O procedemento séguelle a parecer escuro e incorrecto xa que se fixo ao revés. Deu uns datos sobre os piñeiros que se cortaron pero tamén había eucaliptos e carballos. Facendo números non lle concordan co que dixo en pleno. Pregunta se se cobrou xa e canto cobraron por facer a corta.

8º.- Pregunta onde se vai colocar a escultura da camelia.

A Presidencia responde que en Ponte Ulla.

9º.- O mes pasado tiveron coñecemento por uns veciños de Merín de que o concello estaba cortando unha sobreira centenaria. Preguntaron se tiñan o permiso correspondente de corta e dixeron que non sabían se o precisaban.

Contactaron coa Garda Civil e viron que era un poda e que para iso non se precisaba permiso administrativo. Cre que con esa poda non van necesitar o permiso, porque vai secar e non lle parece correcto que unha administración incumpra as normas desa maneira.



Intervén o Sr. Vázquez Martínez, do PP, para preguntar se sabe se hai que solicitar ese permiso.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, responde que chamou á Garda Civil e informáronlle de que para cortar ese tipo de árbore si é precisa unha autorización administrativa.

O Sr. Vázquez Martínez, do PP, di que se o concello quere cortar esa árbore non precisa ningún permiso ao estar no terreo no que está.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que a árbore está nun espazo público e quen ten que pedir permiso é o concello ao igual que se estivera nun espazo privado tería que facelo o veciño ou veciña propietaria do terreo.

A Presidencia pregunta se lle teñen que pedir o permiso á Garda Civil, ao que dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, resposta se lle soa de algo medio ambiente.

A Presidencia di que entón estalle contestando á súa pregunta; que terán que chamar a medio ambiente e eles diranlles o que teñen que facer.

Intervén dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, para dicir que polo que escoita consultaron o tema dende ese momento, porque cando lle preguntou ao Sr. Vázquez Martínez, do PP, este dixo que non tiñan nin idea.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE di que queren saber se precisan permiso para cortar a sobreira.

10º.- Antes a Presidencia dixo que tivera unha reunión co Alcalde de Santiago e quere saber se lle solicitou o asfaltado dos 200 m. de pista que quedan pendentes en San Xián. A Presidencia resposta que si.

-- Dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- Respecto da intención de talar a sobreira en Merín, reitera que o Sr. Vázquez Martínez, do PP, non sabía se tiña que pedir permiso ou non. Parécelle increíble que habendo tres dedicacións exclusivas no concello, sexan incapaces de saber ou mandar saber, se as actuacións que mandan facer no concello cumpren a legalidade.

2º.- Solicita a desagregación do punto número 6 da Xunta de Goberno Local do mes de febreiro de 2020, en relación á aprobación das indemnizacións por asistencias aos membros da corporación (plenos, xuntas de goberno, comisións informativas, asistencias a mesas, substitucións da Alcaldía e desprazamentos). Quere saber canto cobra e en que concepto cada un dos membros da corporación.

3º.- Chámalle a atención unha factura por importe de 442.68 € pola substitución dunha lúa dun vehículo da brigada de obras e solicita ver a póliza do seguro dese vehículo.

4º.- Con respecto á viaxe a Arxentina, cónstalles os gastos de cancelación de 13 reservas de billetes de voo para a viaxe organizada polo concello a Bos Aires do día 03/12/2019 ao 13/12/2019, por importe de 1.950 €. Pregunta cantas reservas tiñan feitas para esa viaxe, cantos viaxaron finalmente , cal era o prezo da viaxe por persoa e porque asume ese gasto o concello. Solicita ver as facturas desa viaxe.

5º.- Pregunta cal foi o uso do coworking ata o momento e cantas novas empresas fixeron uso del e se na actualidade está sendo usado por algunha empresa.

Unha das empresas que estivo usando o centro de coworking foi Galicia Eventos y Ocio, S.L. que deixou recentemente de ter a súa sede física no concello de Vedra para



instalarse en Boqueixón, aínda que seguramente siga tendo a súa sede fiscal neste concello. Pregunta se pensan seguir contratando a esa empresa para os eventos de ocio do concello, tendo en conta que hai outras empresas con sede física e fiscal no concello, ou se polo contrario prevalece a relación de parentesco que esta empresa mantén con dona María Jesús Piñeiro.

6º.- Solicita ver o informe da proposta de elaboración polo Secretario relativo aos incumprimentos na execución do contrato do SAF por parte de Atendo, e a resposta a esa sanción por parte da empresa. Gustaríalle saber se dita reclamación vai ser modificada nos incumprimentos de Servital que se lle fan a Atendo.

7º.- Respecto aos servizo de taxi, non quere que se lle preste só aos veciños que tiñan antigamente consultorio médico, senón a todos os veciños de todas as parroquias do concello. Solicita que se establezan unhas bases ou un procedemento relativo a este asunto.

-- O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, pregunta:

1º.- Solicita que delimiten sobre unha planimetría municipal porque zonas están avanzando os viñedos que se están implantando no concello.

2º.- Respecto de Cándido Pazó, di que é un artista para o PP. Por 12.000 € trae un grafitero que deixa Santa Cruz niquelado.

3º.- Respecto da Lei de administracións do Estado e os prazos de alegación di que hai tres tipos de alegacións: ordinarias, en trámite de audiencia e en plan. Todas están perfectamente delimitadas en canto ao tempo. É a primeira vez que observa que nun proxecto as alegacións sexan cando lle dea a gaña a alguén. Pregunta ao Secretario como se clasifica ese tipo de alegación.

4º.- Pregúntalle ao Sr. Secretario se a anulación duns billetes dunha viaxe que dixo a Alcaldía que era privada, de particulares foron pagados con cartos públicos, é posible.

O Secretario responde que non sabe de que vai o tema e que lle contestará cando se informe.

-- Dona Yolanda Vieiro, do BNG-AA, pregunta:

1º.- Respecto do despregue da fibra óptica nos núcleos do concello, pregunta se van ter en conta as casas que non teñan liña telefónica.

2º.- Na última concentración contra a violencia de xénero, só había 2 concelleiros presentes, un do PP e ela mesma. Cre que os concelleiros con dedicación deberían estar presentes nesas concentracións.

Conclúe ao fío das vinte e dúas horas e dez minutos.